



Viguesa do 64, a escritora **Marga Doval** traballa como profesora de lingua e literatura galega. Entre o 1995 e o 2000 foi lectora de galego na Universidade de Tréveris (Alemaña), onde formou grupo poético con Paula de Lemos e publicaron xuntas *Entre dunas* (2000). Máis adiante, o seu libro *A cidade sen roupa ao sol* (2010) sería recoñecido co Premio da Crítica Española (2011). Alén diso, ten poemas en diferentes libros colectivos, entre eles un libro solidario que reúne poetas etíopes e galegas.

Como narradora publicou as novelas *O prognóstico da lúa* (1997) e *Carolina Otero* (2001), entre outros traballos. Tamén fai parte da Plataforma de Crítica Literaria A Sega. Defensora dos medios de comunicación en galego, foi columnista do desaparecido semanario A Nosa Terra e, na actualidade, mantén en Sermos Galiza a colaboración mensual E-pistola-río.

Como dramaturga escribiu para a Compañía Teatro Arte Livre (TAL) as obras *Belle Otero, o corpo que fala* e *Aurora Rodríguez e a súa moneca de carne*, estreadas no ano 2002. Tanto na última coma en *Lolas* participou igualmente como actriz. Para EL Produccións Artísticas escribiu a obra *Lorca e as flores de Venus*, estreada no 2011.

Como tradutora do alemán ao galego, a súa versión galega de *Randea do alento* (2010), da Premio Nobel Herta Müller, recibiu o premio á mellor tradución da AELG (2011), e nestes momentos ocúpase da obra de Christa Wolf.

Adeus e ola

O cadáver no Instituto Anatómico Forense

Fóra do Idioma universal para as ciencias anatómicas

Fóra da terminoloxía morfolóxica internacional

Autoexpulsión

O cadáver abandona a sala

Adeus

da da da da da da dada da

Cantar a táboa

Mollar os pés coa chuvia

chas chas plaf

Era meu o cadáver

da da dá chas chas plaf

Ola

O teu riso e a miña man

da da dá chas chas plaf

dá dou dá dou dá

me che me che me

Debaixo da almofada un dente

Quérote.



(MARGA
DOVAL)

Luns **28** de novembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas
Di(n)versos
2016



Edwin Madrid





O poeta, editor e ensaísta ecuatoriano **Edwin Madrid** (Quito, 1961) deuse a coñecer en 1987 co poemario *¡OH! Muerte de pequeños senos de oro*. Seguíronlle no seu país *Enamorado de un fantasma* (1990), *Celebridad* (1992), *Caballos e iguanas* (1993), *Tambor sagrado y otros poemas* (1995), *Tentación del otro* (1995) o *Puertas abiertas* (2001). Nos Estados Unidos viu a luz *Open Doors* (2000), en España *Mordiéndolo el frío* (2004), en Colombia *Lactitud cero°* (2005) o en Argentina *Pavo muerto para el amor* (2012). Al Sur del Ecuador publicouse en 2014 en Ecuador e no 2016 en Francia, e neste mesmo ano a prestixiosa editorial Pre-Textos vén de sacar a antoloxía persoal do autor *Todos los Madrid, el otro Madrid*.

Outras escolmas do seu traballo saíron do prelo en España, Cuba, Ecuador e México. Ten acadado galardóns da sona do Premio Casa de América, o Premio Único de Poesía Ministerio de Cultura y Patrimonio ou o Premio Escritores Ecuatorianos de los 90. Os seus poemas aparecen en varias importantes antoloxías de poesía hispanoamericana. Algúns textos ou libros foron traducidos ao árabe, inglés, portugués, alemán, francés e italiano, mentras ten ofrecido mostras da súa obra por Latinoamérica, o Caribe, Estados Unidos e Europa. Como editor tense ocupado de autores ecuatorianos e compilado antoloxías poéticas do seu país. Dirixe os Obradoiros de Escrita Creativa da Casa da Cultura Ecuatoriana e tamén as *Ediciones de la Línea Imaginaria*. En 2011 foi escritor residente na mítica Maison des Écrivains Étrangers et des Traducteurs de Saint-Nazaire (Francia).

LOS PÁJAROS

*La luz del día languidece detrás de las montañas.
Estoy sentado en la hamaca que cuelga del porche de mi casa.
Son las seis de la tarde. Los pájaros
dan breves aleteos y se internan en las ramas del jardín.
¿Dónde pasaron el día? Deben haber cruzado la ciudad,
descansando en las antenas de los edificios más altos.
Deben haber picoteado en alguna que otra plaza.
Ahora pían y aletean entre los árboles de mi casa.
Se cuentan sus cosas o llaman a sus compañeras,
mientras el día muere inexorable detrás de las montañas
y yo, acomodándome, en la hamaca empiezo a trinar llamando a mi pajarita.*

←
(EDWIN
MADRID)

Luns **28** de novembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

Poetas Di(n)versos 2016



Marga Doval

